




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mediante a resolución do 21 de febreiro do 2000 régulanse as Estancias da titulación de Farmacia, na mesma establécense dous períodos para a realización das Estancias co obxecto de que os alumnos que trala convocatoria de setembro reúnan os requisitos para a súa realización poidan matricularse delas.

É preciso completa-la regulamentación das Estancias intentando que para a súa superación os alumnos teñan as mesmas oportunidades que para a superación de calquera outra materia do plano de estudos polo que

RESOLVO

1. Logo de realiza-las prácticas tuteladas correspondentes ás Estancias do primeiro período, de cada curso académico, os alumnos deberán realiza-lo exame teórico que o respecto establece o Centro no mes de setembro.
2. Os alumnos que suspendan este primeiro exame serán convocados á realización dun segundo exame teórico antes do 30 de setembro, na data que estableza o Centro. En todo caso entre a realización do primeiro exame teórico e a do segundo deberán transcurrir polo menos 5 días naturais.
3. Os alumnos que trala realización destas dúas convocatorias de exame, non superen o exame teórico das Estancias poderán presentarse á realización deste exame na Convocatoria Fin de carreira, nas datas que fixadas polo Centro, sempre que reúnan os requisitos esixidos pola normativa da Universidade, é dicir que teñan sen superar un máximo de 24 créditos do plano de 1999 ou un máximo de 13 créditos se pertencen o plano de estudos de 1994. En calquera caso os créditos das Estancias non se computan.
4. No caso de que os alumnos non reúnan os requisitos para realiza-lo exame teórico na convocatoria Fin de Carreira poderán face-lo nas datas que os efectos estableza o centro.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2000



O Rector

Dario Villanueva Prieto

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións; Sr. Secretario Xeral ; Sra. Decana da Facultade; Sr. Xefe da Asesoría Xurídica; Sra. Xefa do Servicio de Alumnado, Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica; Sr. Director do Sein e Sr. Director do COIE